XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan:. Modificación puntual núm. 16 do PXOM de Vigo no ámbito definido na área de ordenación detallada "AOD A-4-37 Ofimático"
Promotor: Concello de Vigo
Órgano substantivo: Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (CMATI)
Expediente: 2015AAE1827
Código web: 1735/2015

O día 21.09.2015 recibiuse nesta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un escrito da secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para continuar coa tramitación da "Modificación puntual núm. 16 do PXOM de Vigo no ámbito definido na área de ordenación detallada AOD A-4-37 Ofimático". Achega o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan presentados polo promotor para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, segundo esixe o artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

1. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica e o réxime xurídico que regula o procedemento administrativo.
2. En relación co procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, o artigo 30.2 da Lei 21/2013 sinala que o informe ambiental estratéxico que emite o órgano ambiental debe ir precedido dunha consulta ás administracións afectadas e ás persoas interesadas. Esta Secretaría Xeral fai extensivas as consultas ao público en xeral, co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadán.
3. O artigo 86.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, que regula o trámite de información pública, faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das disposicións e actos administrativos. O artigo 19 da mesma Lei establece tamén que as comunicacións entre os órganos administrativos poderán efectuarse por calquera medio que asegure a constancia da súa recepción.
4. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano ambiental competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo indica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública durante un prazo de 45 días hábiles o documento ambiental estratéxico e o borrador da *Modificación puntual núm. 16 do PXOM de Vigo no ámbito definido na área de ordenación detallada "AOD A-4-37 Ofimático".*

As administracións públicas afectadas, o público interesado e o público en xeral poden formular as observacións e suxestións que estimen oportunas **en relación aos posibles efectos ambientais significativos**, así como ao contido e alcance que debería ter o estudo ambiental estratéxico no caso de que se decida someter ao proceso de avaliación ambiental ordinaria (artigo 31.a da Lei 21/2013).

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes vías:

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- A través do formulario informático habilitado na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/ultimos-plans-e-programas-abertos).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, situado nas súas dependencias de San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se emita tras o período de consultas farase público na páxina web desta Consellería (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental).

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2015